

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTENOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL**, o concelleiro **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D^a MARÍA DOLORES GARCÍA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 1015, de data 27 de febreiro de 2008, en relación o expediente 2007/000011-0, indicando que en relación a solicitude de permiso de inicio de actividade do Centro Social, deberase remitir declaración xurada de que o centro conta cun plan de emerxencias, que ten exposto o plano de evacuación e que as instalacións están dotadas de sinalización de emerxencia segundo consta os percorridos no plano de evacuación.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda remitir o mesmo á Concelleira de Servizos Sociais.

2.2.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 957, de data 25 de febreiro de 2008, remitindo proposta de resolución do procedemento sancionador incoado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por infracción da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural, por parte deste Concello polo outorgamento á Sociedade Ongalaz, S.L. de licenza municipal para a construción dun edificio no soar nº 17 da Avda. do Parque, no contorno da Igrexa Parroquial de Silleda, sen contar coa preceptiva autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito ós servizos xurídicos municipais, ós efectos de determinar si procede a formulación de alegacións.

2.3.- Escrito da Secretaría Xeral do Patrimonio - Consellería de Economía e Facenda, Rexistro de Entrada nº 1042, de data 29 de febreiro de 2008, solicitando que por parte do Concello se remita a notaría de Manuel Barros Gallego (Silleda), a documentación precisa para o outorgamento en escritura pública da cesión, a título gratuito, do uso dun inmovible en Silleda, antiga cámara agraria local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda queda enterada deste escrito, e faculta a Sra. Alcaldesa-Presidenta para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para levar a cabo a cesión descrita no párrafo anterior.

2.4.- Escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra - Ministerio do Interior, Rexistro de Entrada nº 1041, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo asinado e selado, copia do Convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior e este Concello, sobre acceso ós rexistros de vehículos e persoas do Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico, así como protocolo para o establecemento da conexión telemática con Centro directivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Policía Local do Concello.

2.5.- Escrito da Universidade de Santiago de Compostela, Rexistro de Entrada nº 1016, de data 27 de febreiro de 2008, indicando que o Consello Escolar de Galicia encargou a realización do Informe sobre “Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos” a un equipo de investigación do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, polo que remítese un cuestionario para súa cumplimentación e poder ser empregado para os fins do mencionado estudo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Alcaldesa-Presidenta, na súa condición de Concelleira de Educación.

2.6.- Escrito da Dirección Xeral de Obras Públicas - Subdirección Xeral de Estradas -

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 890, de data 20 de febreiro de 2008, manifestado conformidade á valoración remitida polo Concello en canto a reposición de servizos afectados con motivo das obras de “Reforma do acondicionamento da estrad PO-201 Silleda-Laro”, pasando a mesma a ser tramitada, con propsta de aprobación do gasto de 21.535,36 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.7.- Escrito da Directora da Escola de Educación Infantil de Escuadro, Rexistro de Entrada nº 938, de data 22 de febreiro de 2008, solicitando a colocación dun letreiro na mencionada escola segundo dictamina o Decreto 374/1996, do 17 de outubro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado este escrito á Alcaldesa-Presidenta, na súa condición de Concelleira de Educación.

2.8.- Dase conta do escrito presentado por Carolina Cabaleiro López, en data 28 de febreiro de 2.008, con número de rexistro 1025, polo que se solicita, en relación co tránsito de camións de gran tonelaxe desde a escombreira do AVE situada en Carboeiro ata as obras que se levan a cabo en Chapa, na estrada N-525, que cese o tránsito dos mesmos ata que as empresas responsables reparen os danos causados.

A Xunta de Goberno Local acorda informar a Dona Carolina Cabaleiro López do seguinte:

1.- Que pola Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2.001 autorizouse á empresa Excavaciones M.E. Mejuto, S.L., previa presentación dun aval polo importe de 86.400 □□□, para circular polas seguintes pistas veciñais:

- Tramo 1: Comprendido dende acopio do ADIF situado en Carboeiro (P.K. 0.00) ata a intersección coa estrada E.P. 6502 (P.K. 2900).
- Tramo 2: Comprendido dende estrada E.P. 6502 (P.K. 3100) ata a intersección coa estrada E.P. 6504 (P.K: 3800)

2.- Que a citada empresa é responsable de reparar os desperfectos causados pola circulación dos seus camións en ditos viais, polo que unha vez rematen as obras de “Mellora de intersecciones e sinalización vertical das estradas N-525 coa N-640” en Chapa (Silleda), Excavaciones ME Mejuto S.L. deberá proceder de forma inmediata ó arranxo das pistas e a devolver ó estado orixinal a capa e rodadura das vías, asfaltando as mesmas e reparando os danos que se teñan causado, co fin de garantir as condicións axeitadas de circulación.

3.- Que, en caso de que pola empresa Excavaciones M.E. Mejuto, S.L., non se dé cumprimento a obriga de arranxar as pistas utilizadas, o Concello procederá ó arranxo das mesmas a costa do aval presentado pola empresa.

2.9.- Dase conta do escrito do Valedor do Pobo, recibido en data 22 de febreiro de 2.008, con número de rexistro 940, polo que se da conta da queixa presentada por D. Julio Cortiñas López, presidente da Federación de Asociacións en Favor das Persoas con

Discapacidade Intelectual de Galicia, FADEMGA FEAPS-GALICIA, por non recibir resposta do Concello ó seu escrito de data 9 de novembro de 2.006.

Comprobado que en data 17 de novembro de 2.006, con número de rexistro 4879, recibíuse escrito remitido por FAMDEGA FEAPS-GALICIA adxuntando proxecto denominado “As Galescolas. A mellor Vía de integración socio-laboral desde a infancia”, no que se solicitaba unha entrevista á maior brevidade co Sr. Alcalde para presentar tal proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar ó Valedor do Pobo do seguinte:

1.- Que a actual Corporación municipal constituíuse o pasado 16 de xuño de 2.007, data na que tomou posesión do seu cargo tanto a Sra. Alcaldesa coma os concelleiros que forman o actual equipo de goberno municipal, sin que ningún deles formara parte do equipo de goberno anterior correspondente o período 2.003-2.007.

2.- Que, en consecuencia, non é posible informar sobre o problema que suscitou a queixa nin porqué o anterior goberno municipal non deu resposta á solicitude realizada por FADEMGA FEAPS-GALICIA.

3.- Que ós efectos de resolver a queixa plantexada por FADEMGA FEAPS-GALICIA, solicitamos á devandita Federación de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia, que teña a ben poñerse en contacto coa Alcaldía deste Concello para poder fixar a data de celebración da entrevista solicitada.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta da certificación nº Dous e Liquidación presentada por Transportes e Maquinaria C.P., S.L., Rexistro de Entrada nº 971, de data 25 de febreiro de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Mellora dos Accesos ós Núcleos de Poboación e Pavimentación de Vías Públicas do Municipio de Silleda” do PPC/07, asinada polo Enxeñeiro Técnico-Director das obras Dº Roberto Estévez Vázquez, en data 22 de febreiro de 2008, e que ascende a un importe de 41.422,81 €, así como a factura nº 06/08C de 22.02.08, correspondente a esta certificación e acta de recepción.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Dous e Liquidación da obra denominada “Mellora dos Accesos ós Núcleos de Poboación e Pavimentación de Vías Públicas do Municipio de Silleda” que ascende a un importe de 41.422,81 €, así como a factura nº 06/08C de 22.02.08, correspondente a esta certificación e acta de recepción.

3.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 937, de data 22 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Un da obra “Mellora nas Parroquias de Cortegada, Cira e Taboada”, nº 227/931 do PAM 06-08 (anualidade 2006), e declarar o abono a favor deste Concello de 17.220,39 €.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.3.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1045, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Un da obra “Pintado de rúas dos centros urbáns de Silleda”, nº 229/786 do PAM 06-08 (anualidades 2006-07), e declarar o abono a favor deste Concello de 3.805,64 □□□ (anualidade 2006) e 1.536,05 □□□ (anualidade 2007).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.4.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1046, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Duas da obra “Pintado de rúas dos centros urbáns de Silleda”, nº 141-124/786 do PAM 06-08 (anualidades 2007-08), e declarar o abono a favor deste Concello de 6.463,95 □□□ (anualidade 2007) e 658,31 □□□ (anualidade 2008).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.5.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1047, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Un da obra “Saneamento Rúa Xeral de Bandeira”, nº 228-140/559 do PAM 06-08 (anualidades 2006-07), e declarar o abono a favor deste Concello de 19.196,50 □□□ (anualidade 2006) e 20.000,00 □□□ (anualidade 2007).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.6.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1048, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Tres da obra “Mellora das Bibliotecas, Locais Sociais e outros servizos: Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Manduas, etc.”, nº 132/785 do PAM 06-08 (anualidade 2007), e declarar o abono a favor deste Concello de 35.622,20 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.7.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1049, de data 29 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Catro da obra “Mellora das Bibliotecas, Locais Sociais e outros servizos: Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Manduas, etc.”, nº 132/785 do PAM 06-08 (anualidade 2007), e declarar o abono a favor deste Concello de 28.508,56 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.8.- Dase conta da certificación nº Tres e Última presentada por Construcciones Agustín Chaira S.L., Rexistro de Entrada nº 752, de data 12 de febreiro de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como biblioteca, local social e outros servizos da Terceira Idade. 3ª Fase modificado” do PAM 06-08 (anualidade 2008), asinada pola Arquitecto Técnico Director das obras Dª Paula Fernández Pena, en data 28 de abril de 2007, e que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como Acta de Recepción e a factura nº 3/2008 de 22.02.08, correspondente a esta certificación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Tres e Última da obra “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como biblioteca, local social e outros servizos da Terceira Idade. 3ª Fase modificado” do PAM 06-08 (anualidade 2008), que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como Acta de Recepción e a factura anteriormente mencionada.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Dase conta do escrito remitido pola Excma Deputación Provincial de Pontevedra, recibido en data 29 de febreiro de 2.008, con número de rexistro 1044, polo que se pon en coñecemento do Concello o inicio dos prazos para o Programa “O meu primeiro voo”, que ten por obxecto a concesión de axudas destinadas á mocidade do segundo ciclo da ESOP (3º e 4º) para que poidan ter a oportunidade de realizar o seu primeiro voo en avión e visitar a capital de España.

Visto o disposto no apartado terceiro das Bases reguladoras do devandito programa, relativo á adhesión dos concellos .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Adherirse ó programa “O meu primeiro voo, ano 2.008”

SEGUNDO: Remitir á Excma Deputación Provincial certificación do presente acordo.

4.2.- Escrito do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 982, de data 26 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se autoriza a contratación laboral por obra ou servizo determinado de dous traballadores (1 oficial pintor e 1 peón operario pintor) paa este Concello, por un período de cinco meses, con aplicación dos tipos de cotización para as contingencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 51/2007, de 26 de decembro de orzamentos xerais do estado para o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

4.3.- Dase conta do expediente confeccionado o abeiro da resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, sobre subvencións aos concellos para realización de proxectos técnicos, no marco do servizo TDT.

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación o mesmo e solicitar unha subvención de 2.000,00 € para realización de proxecto técnico de telecomunicación de estación transmisora de televisión dixital terrestre 2008.

4.4.- Dase conta do expediente confeccionado o abeiro da resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, sobre subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal de televisión dixital terrestre.

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación o mesmo e solicitar unha subvención de 1.500,00 € para realización de estudo técnico de cobertura do sinal de televisión dixital terrestre 2008.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Corrección de erros.:

5.1.1.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 983, de data 26 de febreiro de 2008, en relación á tramitación do expediente de licenza municipal a nome de Dº Valentín González Montouto, para construción de nicho no cemiterio parroquial de Martixe (Silleda), comunicando que na resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 20 de decembro de 2007, facíase mención a construción de un nicho soterrado, cando debería dicir “dous nichos soterrados”.

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local na súa sesión do 21 de xaneiro de 2008, concédese a Dº Valentín González Montouto a licenza de obra solicitada e a licenza provisional de actividade, para construción de un nicho a situar no cemiterio parroquial de Martixe (Silleda) - Nº 5068/06.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Proceder a corrección do acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 21 de xaneiro de 2008, polo que onde dí: “*Licencia N° 5068/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº VALENTÍN GONZÁLEZ MONTOTO, solicitando Licencia para construción dun nicho, a situar no cemiterio parroquial de Martixe, parroquia de Martixe (Silleda).*” debe dicir: “*Licencia N° 5068/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº VALENTÍN GONZÁLEZ MONTOTO, solicitando Licencia para construción de dous nichos, a situar no cemiterio parroquial de Martixe, parroquia de Martixe (Silleda).*”

2º.- Manter os mesmos condicionados que os indicados na sesión do 21.01.08

3º.- Comunicar este acordo ó peticionario Dº Valentín González Montouto.

5.2.- Licencia de segregación/agrupación.

5.2.1.- Dase conta da solicitude presentada por Dº JESÚS MEIJOMÍN GONZÁLEZ, con domicilio na rúa Emilio Alonso Paz, nº 10-3º B (Silleda), Rexistro de Entrada nº 900, de data 20 de febreiro de 2.008, solicitando parcelación (en dúas partes) da finca con fronte á rúa José Antonio 69-71 e con fronte á prolongación da rúa Morón, s/n (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 26 de febreiro de 2.008, no que se sinala:

“1º- A finca matriz (con fronte á rúa José Antonio 69-71 e con fronte á porlongación da rúa Morón) que se sinala na memoria técnica aportada, ten unha superficie de 1.767,00 m2, e sitúase en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC).

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: José Aguirre Castro.

Sur: Herdeiros de Elías Rivas Martínez.

Este: Rúa José Antonio.

Oeste: Prolongación da rúa Morón.

Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª (parcelacións), artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

2º.- *Preténdese parcelar en dous dita finca matriz, que quedaría do seguinte xeito:*

- Parcela 1: Con fronte á rúa José Antonio e cunha extensión superficial de 968,78 m2, sitúase en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC), sendo os seus lindeiros:

Norte: José Aguirre Castro.

Sur: Herdeiros de Elías Rivas Martínez.

Este: Rúa José Antonio.

Oeste: Parcela 2 resultante da segregación.

- Parcela 2: Con fronte á prolongación da rúa Morón e cunha extensión superficial de 798,22 m2, sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC); sendos os seus lindeiros:

Norte: José Aguirre Castro.

Sur: Herdeiros de Elías Rivas Martínez.

Este: Parcela 1 resultante da segregación.

Oeste: Prolongación da rúa Morón.

As parcelas resultantes da parcelación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro

Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licencia de parcelación solicitada.”

Por unanimidade acorda conceder a licencia de parcelación (en dúas partes) da finca con fronte á rúa José Antonio 69-71 e con fronte á prolongación da rúa Morón, s/n (Silleda).

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Escrito do Arzobispado de Santiago de Compostela, Rexistro de Entrada nº 952, de data 22 de febreiro de 2008, no que expón que, por esta Xunta de Goberno Local, con data 21 de xaneiro de 2008, concédese licencia de obra maior (nº 592/07) a Dº Jesús Mera Nogueiras, en representación da Parroquia de San Martiño de Dornelas, para substitución da cuberta, revoco exterior e interior de muros de manpostería e substitución da instalación eléctrica en edificación, en edificación situada nun lateral da Igrexa parroquial de Dornelas (Silleda).

Asimesmo expón que, con data 14 de xaneiro de 2008 procédese a facer efectiva, na Tesourería Municipal, a cantidade de 404,59 €, dos cales 365,43 € corresponden o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Indica que dito ben está afecto ás actividades propias da Igrexa Católica, polo que resulta aplicable a exención establecida na letra b) do apartado 1 do artigo IV do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979 (BOE de 15 de decembro), e que a Orden do 5 de xuño de 2001 aclara a inclusión do Imposton sobre Construcións, Instalacións e Obras na letra b) do acordo mencionado anteriormente, polo que solicita a devolución de 365,43 € correspondentes o ICIO.

A Xunta de Goberno Local, vista a normativa anteriormente mencionada, acorda comunicar á Intervención que proceda a devolución do importe de 365,43 €, correspondente ó ICIO da licencia municipal de obra nº 592/07, ó Arzobispado de Santiago de Compostela

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,